

Acta da Sesión Ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade

LISTA DE ASISTENTES

Javier Abuín, Xose Manuel Bahamonde, Vicente Badenes Plá, Juan Manuel Corbacho Valencia, Silvia Garcia Mirón, Beatriz Legerén Lago, Jorge Lens Leiva, Luis Xabier Martínez Rolán, Maria Isabel Míguez González, Julinda Molares Cardoso, Alberto Pena Rodríguez, Emma Torres Romay, Montserrat Vázquez Gestal.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Octavio Rodriguez Nieto, Carmen Maíz Bar, Sergio Frade Fraga, Andrés Fraga Pérez, Oswaldo García Crespo, Ivan Puentes Rivera, Diana Ramahi García, Talía Rodríguez Martelo.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo que tivo lugar o venres 7 de xullo de 2023, ás 09:00 horas en primeira convocatoria e ás 09:30 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas da Facultade de Comunicación coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase.

2.- Informe do director.

- O director dá conta de que no próximo consello de departamento poderá presentar o informe realizado pola bolseira sobre os departamentos de comunicación que imparten docencia en distintas universidades do marco nacional.
- O director informa que a Xunta aprobou a titulación de deseño, que comeza o próximo curso a súa andaina e que xa temos dous docentes no grao.
- Tamén comunica que dende o Foro da Comunicación queren reactivar as actividades do mesmo, e solicitan a todas as universidades que o compoñen unha aportación de 600 euros para facer una publicación con Tirant, destinada principalmente a investigadores en desenvolvemento.

3.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación do POD do curso 2023-24

Dende a aprobación do POD o pasado 18 de maio, recibimos un email da Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica, no que se nos solicitaba seguir unha serie de pautas nas transformacións do profesorado asociado, concretamente facer unha aplicación restritiva de dita lei, que implica que ningún asociado poderá mudar de categoría.

O único que solicitou unha redución en docencia este ano, foi o profesor Sergio Frade Fraga, ao que tivemos que aumentarlle 30 horas de docencia sobre as 120 asignadas. Como a única materia libre asociada o seu perfil era *P04-G190405: Teoría e práctica da comunicación televisiva*, se lle asignaron ditas horas. Tras revisar a súa docencia e falar co profesor Jose Manuel López Fernández, ambos solicitan se faga un cambio no POD que implica o seguinte:

O profesor Sergio Frade deixa a materia de Guión Audiovisual, que impartirá Jose Manuel López, e este último baixa docencia na materia de "teoría e práctica da comunicación televisiva.

De tal forma que as materias quedan organizadas da seguinte maneira:

Cod.	Contido	Caracter	Convocatoria	Docencia	Horas		
					HA	HB	HC
P04-G190405	Teoría e práctica da comunicación televisiva	OB	2SG				
	Lista de Agarda (1)				22	8	
	López Fernández, José Manuel						40
Coordinación	Frade Fraga, Sergio				28	52	
PDA:					50	60	40
Horas cubertas:					50	60	40
Diferencia:					0	0	0

Cod.	Contido	Caracter	Convocatoria	Docencia	Horas		
					HA	HB	HC
P04-G071209	Guión audiovisual	OB	2SG				
Coordinación	Martínez Martínez, María Isabel				12	13	
	López Fernández, José Manuel				13	37	
PDA:					25	50	0
Horas cubertas:					25	50	0
Diferencia:					0	0	0

Apróbase.

- O profesor Luis Xabier Martínez Rolán fai constar que se atopa 33,5 horas por enriba da súa capacidade docente, polo que pide que se comunique a

Vicerreitoría que esas horas se teñan en conta, dentro da bolsa de horas, para descontarllas no vindeiro curso 2024-2025.

4.- Aprobación, se procede, da saída a concurso dunha praza de Catedrático e o seu tribunal

Preséntase a Comisión encargada de xulgar a praza de Catedrático que convoca o departamento.

O perfil da praza é: G190204 Comunicación: Historia da Propaganda e da Publicidade

- Presidente titular: Dr. Juan Antonio García Galindo.
- Presidente Suplente: Marta Martín Llaguno.
- Secretario titular: Xosé López García.
- Secretario Suplente. Antonio Pineda Cabrero
- Vogal 1: Trinidad Carolina Moreno Castro
- Vogal 2: María Victoria Carrillo Durán
- Vogal 3: Patricia Núñez Gómez
- Vogal 4: Francesc- Andreu Martínez Gallego
- Vogal 5: Carlos José Elías Pérez
- Vogal 6: José Soengas Pérez

Apróbase

5.- Asuntos de trámite

Non hai asuntos de trámite.

6.- Rolda de intervencións

A decana pregunta cando se vai asinar o contrato da praza reclamada, xa que o novo docente vai ter que asumir cargos de xestión. O director informa que será antes de setembro, nembargantes decídese falar co responsable da universidade para reclamar unha mellora no servizo de contratación de profesorado.

Sen nada mais que tratar, péchase a sesión ás 10:30 horas.

Pontevedra 7 de xullo do 2023

O director do deptº

Firmado por RUAS ARAUJO JOSE -
***7579** el día 02/07/2024 con un
certificado emitido por AC FNMT
Usuarios

Secretaría do dptº

LEGEREN
LAGO
BEATRIZ
36059057
W

Firmado digitalmente por
LEGEREN LAGO
BEATRIZ -
36059057W 3
Fecha:
2024.04.04
21:06:00 +02'00'